



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

José Antonio Pereira Gil, alcalde do Concello da Baña, á data da sinatura dixital, en presenza da secretaria - interventora de dito concello, emito o seguinte decreto:

Asunto: Listaxe provisional de solicitudes admitidas e excluídas da convocatoria extraordinaria de prazas do Punto de Atención á Infancia (PAI) para o curso 2025/2026

Expte. TEDEC: 2025/S004/000001.

Expte. (Decreto): 2025/G003/000608

Vista a necesidade de adoptar unha resolución sobre o procedemento o que se refire este decreto, en aras dos principios de eficacia e celeridade administrativa recollidos na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, e na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Vista a Ordenanza pola que se aproba o Regulamento de Réxime Interior do Punto de Atención á Infancia (PAI) A Baña, que pode ser consultada na seguinte ligazón: <https://sede.dacoruna.gal/subtel/ordenanzas/ordenanza/14754>

Vista a publicación da convocatoria de prazas de renovación e novas solicitudes onde se estableceron 10 días hábiles para a presentación de solicitudes, a contar dende o 22 de abril ao 6 de maio (BOP Coruña núm.74 do 21 de abril de 2025).

Visto o decreto da lista provisional e baremación de solicitudes admitidas e excluídas publicado o 13.05.2025, no cal se establecían 10 días hábiles para a presentación de reclamacións, a contar dende o 14 ao 27 de maio do 2025 incluído.

Vista a listaxe definitiva de solicitudes admitidas para o curso 2025-2026 e tendo de prazo de presentación 10 días para a tramitación da matrícula que transcorreron dende o 2 de xuño ata o 13 de xuño incluído.

Visto o decreto no que se asignan as prazas matriculadas e se asignan dúas prazas ás persoas en lista de agarda, se extingue a listaxe de agarda para o curso 2025/2026 e se comunica a existencia de dúas prazas libres.

Visto que con data 08.06.2025 ten rexistro de entrada neste Concello a renuncia á praza de O.T.M, quedando por tanto tres prazas libres no PAI para a convocatoria 2025/2026.

Vista a Ordenanza Municipal do PAI, onde se sinala que as solicitudes de ingreso fora de prazo serán admitidas sempre que existan prazas vacantes no momento da solicitude extemporánea para casos de incorporación á vida laboral, entre outros.

Visto que para acadar unha praza no Punto de Atención á Infancia do Concello da Baña, as solicitudes presentaranse no rexistro Xeral do concello en modelo normalizado (Anexo I) dentro do prazo establecido para tal efecto que foi publicado na páxina web do Concello, no taboleiro de anuncios do PAI e na sede electrónica municipal (www.sede.concellodabana.gal).



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

Visto que, de tres prazas convocadas na convocatoria extraordinaria para o PAI, tiveron entrada no rexistro municipal desta entidade tres solicitudes de praza.

INICIAIS	Nº EXPEDIENTE
N.S.S	2025/S003/000028
I.R.V	2025/S003/000029
N.S.C	2025/S003/000030

Primero. Avogar a competencia unicamente para resolver os asuntos a que se refire este Decreto, que fora delegada por decreto de Alcaldía número 410/2023 de 19/07/2023, na Xunta de Goberno Local.

Segundo. Publicar a listaxe provisional de persoas admitidas da convocatoria extraordinaria do PAI.

Terceiro. Establecer un prazo de 3 días hábiles para a presentación das oportunas reclamacións, do 31 o 4 de agosto de 2025.

Cuarto. Dar conta do presente decreto ó Pleno e ós servizos municipais responsables da súa tramitación así como a aqueles outros terceiros interesados que obren no expediente.

Mándao e asíno o Alcalde, don José Antonio Pereira Gil, do que eu secretaria - interventora, Paula Martis Torres, dou fe.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE